

Vistas as solicitudes das funcionarias María Josefa Fernández Legaspi (secretaria municipal) e María Campo Andión (alguacil-portera do concello) do reintegro dos gastos de representación e defensa en proceso penal no que resultaron absoltas.

Vistos os informes emitidos pola Asesoría xurídica da Diputación de Lugo.

Visto o informe da Intervención municipal.

Visto o informe do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo.(I.C.A. Lugo)

Vista a existencia dunha causa de abstención do artigo 23.2.b da Lei 40/2015, consonte ó cal é motivo de abstención o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados.

Visto que por Decreto de Alcaldía número 338/2015, noméase primeiro tenente de alcalde a D. Roberto Lorenzo Fernández.

Visto que por Decreto de Alcaldía número 54/2016, noméase segunda tenente de alcalde a Dª. Laura Campo Fernández.

Visto que o primeiro tenente de alcalde, D. Roberto Lorenzo Fernández atópase tamén en causa de abstención, posto que é un dos interesados no procedemento.

No uso das facultades que me confire os artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, así como a vixente lexislación sobre Régime Local e demais disposicións concordantes.

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Sra. Concelleira Laura Campo Fernández a competencia para a aprobación do gasto, recoñecemento da obriga e ordenación de pagamento dos gastos de defensa xurídica dos membros da Corporación e funcionarias municipais, co detalle que se indica a continuación.

Antonio Balado Teijeiro.- 23.337,43 euros.

Roberto Lorenzo Fernández.-22.507,00 euros.

Juan Díaz Valiño.- 23.608,53 euros.

Ana María Canto Rodríguez.-10.953,22 euros

María Josefa Fernández Legaspi.- 11.101,97 euros.

María Campo Andión.- 145,20 euros.

Segundo.- O presente Decreto de Delegación surtirá efecto dende o mesmo día da súa sinatura.

Terceiro.- Do presente Decreto darase conta á Xunta de Goberno Local, e ó Concello-Pleno, na primeira sesión que celebre, notificándose á designada e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da sua efectividade dende o día da sinatura deste decreto.

Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Castro de Rei. 7 de xuño de 2018.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1597

Anuncio

Téndose elevado a definitivo , ó non presentarse reclamacións, o acordo de aprobación provisional da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA, públicase o texto definitivo para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos arts. 49, e 106 da Lei reguladora das bases de réxime local e dos artigos 17 e 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Castro de Rei establece a Taxa por ocupación do espazo público para a instalación de terrazas de hostalería, con finalidade lucrativa, a que se refire o real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao prevido no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.



ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de acceso libre e uso público, mediante a súa ocupación temporal con terrazas, no exterior de establecementos hostaleiros e que constitúan complemento da actividade que se vén exercendo no interior dos ditos locais.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quien se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza ou autorización, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo de uso público.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para determinar o importe que hai que pagar o número de metros cadrados que comprenda o aproveitamento delimitado pola ocupación permitida na correspondente licenza.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Establécense as seguintes:

1. Anual (do 1 de xaneiro ó 31 de decembro).

Por cada m² de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, xardineiras, parasoles, tarimas ou plataformas e outros elementos análogos, ao ano 15,75 EUROS

2. Tempada.

Por cada m² de terreo de uso público delimitado cos mesmos elementos durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro, ambos os dous incluídos 10,75 EUROS

3. No caso de que as terrazas dispoñan de peche estable, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas se multiplicará por un coeficiente de 1,50 para os efectos de determinar o importe a pagar.

4. Tarifa mínima. Sempre que por aplicación dos anteriores epígrafes non se alcance o importe establecido neste, esixiranse 150,00 EUROS

ARTIGO 7. XERACION DA TAXA.

1. A taxa xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.

2. As cotas sinaladas nas tarifas non poderán reducirse, excepto no seguinte suposto: Cando con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados xa autorizados, o Concello revogue, modifique ou suspenda temporalmente a autorización concedida. Nestes casos, previa solicitude do interesado, e sen que se xere ningún tipo de derecho por parte do obrigado tributario a compensación algúnhola, procederase ao prorrato, ou reintegro, no seu caso, da parte proporcional do período non utilizado do importe correspondente á taxa municipal polo aproveitamento especial correspondente ao período non utilizado. A estes efectos, requirirase a emisión de informe técnico sobre a efectiva incidencia das obras e prazo de efectos.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Cando se presenten solicitudes de licenza ou autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo correspondente á cota do exercicio en que esta se liquida, sen cuxo requisito non se tramitará o expediente para a concesión do aproveitamento.

Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.

A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucions ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de non se conceder a licenza ou autorización, devolverase o depósito constituído, salvo que se acredite a ocupación.



2. As posteriores cotas anuais serán esixibles desde o primeiro día do ano natural, se ben se poderá elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos cuxo período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaracíons ou documentos presentados polo contribuínte.

4. O período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 6 desta Ordenanza, coincidirá co ano natural. Tales cotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

5. Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas na ORDENANZA municipal reguladora da ocupación do espazo público para a instalación de terrazas.

ARTIGO 9. INFRACCIONES E SANCIÓNIS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos entrará en vigor o día da súa publicación no boletín oficial da provincia de Lugo e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

RECURSOS: Contra esta ordenanza pódense interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no art. 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Castro de Rei. 31 de maio de 2018.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1551-2

CERVO

Anuncio

Elevado automáticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 30 de abril de 2018, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos, vía crédito extraordinario núm. 1/2018, dentro do vixente Presupuesto Municipal, por non presentarse reclamacións contra os mesmos, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resumo por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.978.394,36	0,00	2.978.394,36
2	Impostos indirectos	40.000,00	0,00	40.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.416.684,37	0,00	2.416.684,37
4	Transferencias corrientes	1.490.906,32	0,00	1.490.906,32
5	Ingresos patrimoniais	14.882,29	0,00	14.882,29
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	318.853,40	0,00	318.853,40
8	Activos financieros	192.508,32	240.420,81	432.929,13
9	Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	7.452.229,06	240.420,81	7.692.649,87

